



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 198

VIII lexislatura

25 de marzo de 2010

Fascículo 4

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-0451 (15298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para garantir a conservación e o acceso ao Castelo de Pambre [59679](#)

- 08/PNC-0558(22314)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 2 deputados máis

Sobre a continuación coa construción dun circuíto de MotoCross no monte veciñal en man común Paleira, no concello de Trabada, en Lugo [59679](#)

- 08/PNC-0561 (22644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e 2 deputados máis

Sobre a licitación das obras de acondicionamento e mellora da estrada LU-124 para o seu remate e a súa conexión coa autovía do Cantábrico no ano 2013 [59679](#)

- 08/PNC-0378 (11752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis

Sobre a adopción das medidas necesarias para a protección integral do conxunto arquitectónico de Rinlo, na Mariña lucense [59679](#)

- 08/PNC-0533(20765)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novoa López, Enrique e 6 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo para a execución do segundo tramo do acceso do polígono industrial de San Cibrao das Viñas á autovía das Rías Baixas, entre a N-525 e a A-52 [59679](#)

- 08/PNC-0500 (18875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 6 deputados máis

Sobre a descentralización da realización das autopsias do sur e do norte da provincia de Lugo para volverlas realizar nos hospitais comarcais de Burela e Monforte [59680](#)

- 08/PNC-0554 (22155)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre a adopción das medidas necesarias para redimensionar e acadar a competitividade e diversificación das cooperativas agrarias galegas mediante a fusión ou integración de proxectos [59680](#)

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-0509 (19390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 4 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación cos danos provocados polo temporal Flora que afectou Galicia o xoves 14 de xaneiro de 2010 [59681](#)

- 08/PNC-0365 (10621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre a consignación dunha partida orzamentaria plurianual dentro do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica co fin de mellorar e manter en perfecto estado a rede autonómica de estradas [59681](#)

- 08/PNC-0648(26046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre a execución, no ano 2010, do enlace de acceso do Polígono de San Cibrao das Viñas coa autovía A-52 [59681](#)

- 08/PNC-0563 (22679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre o asinamento dos convenios existentes cos diferentes concellos de Galicia e, sinaladamente, cos das grandes cidades, para financiar e posibilitar o funcionamento das oficinas municipais de inmigración [59681](#)

- 08/PNC-0567 (22889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o atraso na sinatura do Convenio marco para a modernización dos regadíos da Limia [59681](#)

Proposicións retiradas

- 08/PNC-0555 (22195)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Fernández, Rosendo Luís e 4 deputados máis

Sobre a ampliación do calendario de vacinación de adultos incorporando a recomendación de vacinarse contra a gripe estacional ás persoas maiores de 60 anos [59682](#)

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución do acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do día 16 de marzo de 2010, relativo á aprobación das propostas de resolución subseguintes ao Debate anual de política xeral (doc. núm. 22504. 08/DEBA-0001) [59682](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-0451 (15298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para garantir a conservación e o acceso ao Castelo de Pambre

BOPG núm. 133, do 11.12.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a levar adiante todas as actuacións precisas, incluíndo a súa adquisición, que garantan o bo estado de conservación do castelo de Pambre e a súa apertura ao público conforme o establecido na normativa vixente para os bens de interese cultural. Así mesmo, remitiráselle ao Parlamento información sobre as medidas adoptadas en cumprimento desta resolución no prazo de tres meses."

- 08/PNC-0558(22314)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma e 2 deputados máis
Sobre a continuación coa construción dun circuíto de Moto-Cross no monte veciñal en man común Paleira, no concello de Trabada, en Lugo

BOPG núm. 174, do 18.02.2010

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo cantas accións foran necesarias, incluíndo a posible incorporación financeira, para retomar a construción dun circuíto de motocross no monte veciñal en man común Paleira, no concello de Trabada (Lugo), baixo as condicións

técnicas que marca a Real Federación Motociclista Española para os seus campionatos, e sempre con absoluto respecto á normativa ambiental vixente."

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-0561 (22644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier e 2 deputados máis
Sobre a licitación das obras de acondicionamento e mellora da estrada LU-124 para o seu remate e a súa conexión coa autovía do Cantábrico no ano 2013
BOPG núm. 174, do 18.02.2010

O texto aprobado é o seguinte:

" O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar no ano 2010 os traballos para a mellora na estrada LU-124 que permitan a súa adecuación en condicións de seguridade e darlles resposta ás necesidades de comunicación dos concellos da Pontenova, Riotorto, Mondoñedo e A Pastoriza."

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-0378 (11752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis
Sobre a adopción das medidas necesarias para a protección integral do conxunto arquitectónico de Rinlo, na Mariña lucense
BOPG núm. 108, do 04.11.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas necesarias para proceder á protección integral do conxunto arquitectónico do Rinlo, na Mariña lucense."

- 08/PNC-0533(20765)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Novoa López, Enrique e 6 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo para a execución do segundo tramo do acceso do polígono industrial de San Cibrao das Viñas á autovía das Rías Baixas, entre a N-525 e a A-52
BOPG núm. 165, do 05.02.2010

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estudar e elaborar o proxecto do segundo tramo do acceso do polígono de San Cibrao das Viñas á autovía das Rías Baixas, entre a N-525 e a propia A-52.

2. Dirixirse ao Ministerio de Fomento co obxecto de propiciar unha fórmula de colaboración que faga posible a consecución desta importante conexión."

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-0500 (18875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 6 deputados máis

Sobre a descentralización da realización das autopsias do sur e do norte da provincia de Lugo para volvelas realizar nos hospitais comarcais de Burela e Monforte

BOPG núm. 165, do 05.02.2010

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta a:

1. Reconsiderar a decisión de centralizar a realización de todas as autopsias do sur e do norte da provincia na cidade de Lugo, para que estas probas se volvan realizar nos hospitais comarcais de Burela e de Monforte.

2. Garantir a reorganización do sistema, de xeito que todas as autopsias da costa lucense e da comarca de Lemos volvan

efectuarse nas salas de necropsias dos hospitais de Burela e de Monforte.

3. Desenvolver as xestións precisas para o restablecemento da práctica da dilixencia xudicial de autopsias nos hospitais de Burela e Monforte, nun prazo máximo de dous meses, tal e como avanzou o director xeral de Xustiza na súa comparecencia na Comisión 5.^a da Cámara galega o pasado 5 de marzo de 2010.

4. Axilizar o proceso de selección de persoal ao abeiro da bolsa de traballo impulsada pola resolución da Dirección Xeral de Xustiza do 17 de febreiro de 2010 para a cobertura interina dos postos vacantes de médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia, nomeadamente na subdirección territorial deste organismo en Lugo, dotándoa de 3 prazas, máis outras 4 de cota de reserva.

5. Promover un novo concurso do servizo de traslado de cadáveres, no que se establezan divididas por lotes as distintas zonas territoriais coincidentes coa área de influencia dos hospitais de Lugo, Monforte e da costa (Burela), de tal xeito que a devandita distribución poida ser efectiva ao remate do vixente contrato."

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-0554 (22155)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre a adopción das medidas necesarias para redimensionar e acadar a competitividade e diversificación das cooperativas agrarias galegas mediante a fusión ou integración de proxectos

BOPG núm. 169, do 11.02.2010

O texto aprobado é o seguinte:

" O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Iniciar cantas medidas sexan necesarias para acadar o redimensionamento, competitividade e diversificación das

cooperativas agrarias galegas mediante fusións ou integracións de proxectos.

2.- Apoiar e favorecer a integración de proxectos cooperativos sempre e cando se demostre a viabilidade e eficiencia dos proxectos resultantes.

3.- Prestar apoio técnico específico para o asesoramento en procesos de integración ou fusión cooperativa."

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

3.6.2.4. Propositions rexeitadas

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0509 (19390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 4 deputados máis
Sobre as actuacións para levar a cabo en relación cos danos provocados polo temporal Flora que afectou Galicia o xoves 14 de xaneiro de 2010
BOPG núm. 165, do 05.02.2010

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0365 (10621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a consignación dunha partida orzamentaria plurianual dentro do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica co fin de mellorar e manter en perfecto estado a rede autonómica de estradas
BOPG núm. 99, do 22.10.2009

- 08/PNC-0648(26046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier e Quintas Álvarez, María Remedios
Sobre a execución, no ano 2010, do enlace de acceso do Polígono de San Cibrao das Viñas coa autovía A-52
BOPG núm. 188, do 10.03.2010

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0563 (22679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz
Sobre o asinamento dos convenios existentes cos diferentes concellos de Galicia e, sinaladamente, cos das grandes cidades, para financiar e posibilitar o funcionamento das oficinas municipais de inmigración
BOPG núm. 174, do 18.02.2010

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0567 (22889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre o atraso na sinatura do Convenio marco para a modernización dos regadíos da Limia
BOPG núm. 174, do 18.02.2010
Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

Propositions retiradas

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 18 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión:

- 08/PNC-0555 (22195)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Fernández, Rosendo Luís e 4 deputados máis

Sobre a ampliación do calendario de vacinación de adultos incorporando a recomendación de vacinarse contra a gripe estacional ás persoas maiores de 60 anos

BOPG núm. 169, do 11.02.2010

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

9. Informacións e correccións de erros**9.2. Correccións de erros**

Corrección de erros na execución do acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do día 16 de marzo de 2010, relativo á aprobación das propostas de resolución subseguintes ao Debate anual de política xeral (doc. núm. 22504. 08/DEBA-0001)

Advertidos erros materiais na execución do acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 16 de marzo de 2010, relativo ás resolucións aprobadas no Debate anual de política xeral, publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 196, fascículo 3, do 23 de marzo de 2010, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

— Apreciada unha duplicidade entre as resolucións núms. 1 e 139, debe suprimirse a resolución núm. 139 (páx. 59068) e o resultado da votación expresado.

— Apreciada unha duplicidade entre as resolucións núms. 2 e 136, debe suprimirse a resolución núm. 136 (páx. 59067) e o resultado da votación expresado.

— Apreciada unha duplicidade entre as resolucións núms. 3 e 141, debe suprimirse a resolución núm. 141 (páx. 59068) e o resultado da votación expresado.

— Apreciada unha duplicidade entre as resolucións núms. 18 e 99, debe suprimirse a resolución núm. 99 (páx. 59059) e o resultado da votación expresado.

— Apreciada unha duplicidade entre as resolucións núms. 19 e 133, debe suprimirse a resolución núm. 133 (páx. 59067) e o resultado da votación expresado.

— Apreciada unha duplicidade entre as resolucións núms. 20 e 130, debe suprimirse a resolución núm. 130 (páx. 59066) e o resultado da votación expresado.

— Apreciada unha duplicidade entre as resolucións núms. 21 e 67, debe suprimirse a resolución núm. 67 (páx. 59052) e o resultado da votación expresado.

— Apreciada unha duplicidade entre as resolucións núms. 22 e 106, debe suprimirse a resolución núm. 106 (páx. 59061) e o resultado da votación expresado.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727